

PROPOSTA PEDAGÓXICA COMEDORES AMES 25/26. "Misión Comedor: unha aventura cada mes"

MES	BLOQUE TEMÁTICO	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES DE EXEMPLO
SETEMBRO	"Misión Benvida: activar a base!"	- Facilitar a adaptación ao comedor e reforzar normas e rutinas. - Promover o coñecemento entre iguais e o respecto. - Estimular o sentido de pertenza e cooperación. - Desenvolver a expresión emocional básica.	1. Pasaporte da brigada: cada quen crea o seu perfil de aventureiro/a. 2. Mural "Así son eu": achegando gustos e soños. 3. Busca de pistas para coñecer os espazos do comedor. 4. Xogo dos sinais: normas en forma de sinais de misión.
OUTUBRO	"Misión Samaín: monstros con bo corazón"	- Desmitificar os medos a través do humor e a expresión artística. - Traballar a empatía e o recoñecemento emocional. - Fomentar a creatividade e a participación activa. - Promover o respecto polas tradicións culturais.	1. Crea o teu monstro amable (debuxo ou collage). 2. Laboratorio de emocións: "a poción da calma". 3. Teatro express: historias de monstros que fan o ben. 4. Escape-room lixeiro: "libera o comedor encantado".

NOVEMBRO	"Misión Respeto: códigos de bo trato"	- Coñecer e aplicar regras básicas de convivencia. - Detectar e valorar condutas de respecto e coidado. - Visibilizar actitudes que rompen cos estereotipos. - Potenciar a axuda mutua no día a día.	1. Códigos secretos do bo trato: creación de sinais. 2. Xogo "Atrapa o estereotipo". 3. Diario de misións con retos colaborativos. 4. Mensaxes anónimas que coidan (caixa de afectos).
DECEMBRO	"Misión Ilusión: o comedor soña"	- Fomentar a solidariedade e a colaboración. - Valorar a diversidade cultural das festas. - Promover a expresión artística e imaxinativa. - Reforzar o sentido de grupo e pertenza.	1. Xincana de estrelas: xogos colaborativos con probas. 2. Tarxetas viaxeiras: postais para outros comedores ou familias. 3. Árbores das ilusións: desexos compartidos. 4. Teatro de sombras: "Contos de Nadal no planeta Ames".

XANEIRO	"Misión Equilibrio: o comedor tranquilo"	- Axudar a recuperar as rutinas con calma. - Potenciar hábitos de autocontrol e benestar. - Traballar o coidado do medio no contexto do comedor. - Fomentar o pensamento reflexivo e a observación.	1. Circuito relax: xogos de respiración e mindfulness. 2. "Faino ti mesmo": creación de portavaixelas reutilizables. 3. Contacontos ambiental: "O comedor da selva". 4. Sementeiros con materiais reciclados.
FEBREIRO	"Misión Entroido: disfrazar con sentido"	- Promover a liberdade de expresión e creatividade. - Fomentar o xogo simbólico e a teatralidade. - Visibilizar a diversidade nas formas de ser e estar. - Desdramatizar o erro e aprender co humor.	1. Desfile invertido: disfraces con obxectos do comedor. 2. Mini-obradoiro de maquillaxe lúdica. 3. Concurso de parodias cotiás (coma se fose teatro). 4. Panel dos disfraces imposibles (imaginación sen límite).

MARZO	"Misión Igualdade: exploradoras e exploradores en acción"	- Promover a igualdade de oportunidades e dereitos. - Identificar referentes femininos e masculinos positivos. - Rachar cos roles de xénero en contextos cotiáns. - Estimular o pensamento crítico e a reflexión colectiva.	1. "Non hai misións para nenos ou nenas": xogo cooperativo. 2. Panel de exploradoras galegas. 3. Xincana "sen etiquetas". 4. Teatro espontáneo: trocamos os roles!
ABRIL	"Misión Verde: comedor sostible"	- Desenvolver hábitos ecolóxicos no día a día do comedor. - Fomentar a reciclaxe e o uso responsable de recursos. - Coñecer o impacto da alimentación no medio. - Promover a conciencia ecolóxica desde a infancia.	1. O reto dos residuos: separación de lixo xogada. 2. Inventos verdes: crear xogos con material de refugallo. 3. Caderno de eco-retos do comedor. 4. Detectives ambientais: auditoría do comedor.

MAIO	"Misión Lingua: xogamos en galego"	- Reforzar o uso lúdico e expresivo do galego. - Coñecer figuras clave da cultura galega. - Fomentar a oralidade e a creatividade verbal. - Promover o xogo cooperativo con elementos da tradición.	1. "Dime un conto en galego" (narracións libres). 2. Xogos tradicionais en grupo (chave, pano, brilé...). 3. Crea un refrán: inventamos e rimamos. 4. Caza de palabras esquecidas.
XUÑO	"Misión Final: celebramos o que somos"	- Favorecer a despedida emocional positiva. - Recoñecer os logros e evolución do grupo. - Fomentar a expresión da gratitud e o afecto. - Promover a celebración colectiva e inclusiva.	1. Diplomas de misións superadas. 2. Póster colaborativo: "O noso ano de aventuras". 3. Caixa dos recordos: cada quen aporta algo simbólico. 4. Festa de fin de misión: xogos, música e afecto.

1. **LUNS** –Xogos tranquilos: audiovisuais/videoteca, biblioteca, xogos de mesa, xogos de atención e memoria
2. **MARTES** – Actividades transversais: Valores, Educación vial, educación para o consumo, educación ambiental, TIC's, Cultura Galega, Igualdade de Xénero, Emocións.
3. **MÉRCORES** – Actividade temática ou preparación/celebración de datas especiais
4. **XOVES** –Xogos de expresión artística
5. **VENRES** – Xogos predeportivos e deportivos/ xogo libre